



Ballet de Kiev
estará no
auditorio con “O
lago dos cisnes”



Páxina VIII

Os Premios Mestre
Mateo
entregaranse en
Ourense en marzo




Páxina X

O fotógrafo
Manuel Outumuro
recibiu o Premio
Ourensanía 2022



Páxina XI

“Vértigo” é a
aposta
gastronómica da
Adegas Regia
Viarum en Sober



Páxina XII

A precaria
situación do
regadío no Val
de Lemos está
en estudo



Páxina XIII

A presenza real
dos medios
de nacións
sen Estado



Páxina XIV



Ribeira Sacra recibiu 14 medallas nos premios Aosta

Páxina XIV

“Camiño do recordo” gaña o Festival Internacional de Xardíns de Allariz 2022

Páxina VII



O CONCELLO DO PEREIRO
DESEXÁLLES UN

Bo Nadal



NADAL
no Pereiro

Opinión

O Mapamundi

Por Roberto Mansilla Blanco


Como será este 2023?

O 2022 ten sido un ano de imprevistos, surrealista, de inseguridades. Volveu á guerra a Europa (Ucráina) cun destino tan incerto que, ó mesmo tempo, procreou o 'renacemento' da OTAN (que estaba en "morte cerebral", Macron dixit) toda vez as tensións na escala global (Taiwán, Corea do Norte) amezan a cada vez máis precaria seguridade dun mundo hoxe maniatado polo rearme e o poder dos "falcóns" militaristas.

Tamén acontecen crises e rebelións cívicas (Irán) con expectativas incertas de cambio de rumbo. Un Mundial de fútbol atípico e politicamente polémico polas violacións de dereitos humanos do país anfitrión (Catar). En China volve o 'culto á persoa' versión 'post-maoísta' en mans do 'novo Emperador Xi Jinping'. E tamén volveron Trump, anunciando a súa candidatura presidencial 2024, Lula á presidencia en Brasil e o eterno Netanyahu ao poder en Israel. E inimigos do pasado recente (Maduro) agora son os "novos amigos" dese Occidente traumatizado pola alteración do equilibrio enerxético por mor da guerra ucráina.

Nesta nova orde global en curso, en

2022 tamén observamos o 'novo poder' en mans de millonarios "visionarios" (Elon Musk, Jeff Bezos, Bill Gates) con cada vez



máis capacidade para controlar as nosas vidas, se tomamos como ferramenta de control as redes sociais, as novas tecnoloxías e a industria do entretemento e como as empresas "filántropas" que auguran exploracións espaciais (será porque a Terra xa non será habitable?) que determinan como a 'nova ideoloxía da verdade' vaise

progresivamente impondo na nosa vida cotiá, rémora daquela predición orwelliana de 1984 (Feijóo absterse de opinar)

Algo debe estar cambiando, evidentemente para peor, para que un prestixioso historiador militar como Anthony Beevor considere que estamos no momento previo a unha nova guerra mundial, poñendo como símil histórico o período anterior a 1914. Non é casualidade. Unha sensación que parece compartir o presidente estadounidense Joe Biden cando afirma que estamos na "década decisiva" para definir o poder mundial do século XXI. Ou tamén do presidente ruso Vladímir Putin cando asegura que esta é a "década máis perigosa desde o final da II Guerra Mundial". Guerras, perigos, inseguridades dun mundo "post-pandémico" lastrado por vellas e novas pandemias.

"Non sabemos que deparará o 2023, como tampouco tiñamos claro como sería este 2022"

Non sabemos que deparará o 2023, como tampouco tiñamos claro como sería este 2022. Haberá unha "nova revolución" iraniana que desarticule ao réxime teocrático, para beneplácito occidental? Terminará a guerra en Ucraína? E se é así, como finalizará? Seguirá Putin no poder? E Ze-

lenski? Que deparará este ano para África e América Latina? Ralentizará China o seu crecemento económico?

EE.UU seguirá observando un evidente declive global nun século que se anuncia asiático? Virán novas pandemias? Que guerras volverán para afectar a nosa vida cotiá?

"O 2022 certificou o regreso da xeopolítica. O vindeiro ano confirmará esta diagnose"

Non temos as respostas pero si moitas interrogantes. A única certeza a priori é observar a dinámica, non menos imprevisible, de cambios nunha orde mundial que derruba progresivamente o sistema da "posguerra fría". Os próximos lustros (mellor contabilizar así en vez de decenios, tomando en conta os vertixinosos cambios) definirán a magnitude da nova confrontación bipolar de "guerra fría" xeoconómica entre EE.UU e China. Choque inevitable por moito que Xi e Biden se dean a man no cumio do G-20.

O 2022 certificou o regreso da xeopolítica. O vindeiro ano confirmará esta diagnose. Sexa como sexa, neste mundo de incertezas, non esqueamos a esperanza.



Por Ramón Coira Luaces

É posíbel entendérmonos co españolismo?

A pesar de todo, creo e quero crer que si; polo menos co españolismo de tradición máis democrática. Pois o contrario implicaría unha confrontación máis directa, na que os nacionalistas galegos e o pobo galego en xeral sufriría moito máis. O Estado español fainos padecer e con frecuencia ten os ouvidos e o corazón pechados ás nosas demandas, por xustas que estas sexan. Os dereitos non se negocian porén, nunha hipotética negociación, hai que estar dispostos a ceder nalgo por ambas partes. Como galego represéntame o BNG, como funcionario de prisións (xubilado) non tanto e é por iso polo que sempre procurei ter voz propia. Os acordos e as transferencias de competencias coas distintas nacións do Estado non responden tanto a unha consideración de xustiza, senón de forza do nacionalismo local nos distintos territorios. Canta máis forza teña o nacionalismo galego, máis nos terán en conta e máis posibilidades hai de que nos transfiran, por exemplo, a competencia de Tráfico, como

felizmente acaban de aprobar con respecto a Nafarroa. De que academos a reforma dun Estatuto que se quedou obsoleto e cuxas transferencias se negaron a completar. Así como poñer remedio á sobresaturación eólica no noso territorio, á falta dunha axeitada e asequíbel conexión viaria interna galega, á non execución de moitos dos orzamentos no noso país, etc. En canto á imposición do 25% de castelán no ensino en Catalunya, tampouco non é unha cuestión de xustiza, porque se fose unha cuestión de xustiza aplicaríase tamén en Galiza, onde un 25% de castelán no ensino sería gloria bendita. Porén é unha cuestión de forza e de imposición e, loxicamente, o nacionalismo catalán oponse, pois non queren dinamitar a política consensuada de inmersión lingüística. Se fose unha cuestión de xustiza e de equilibrio, os casteláns estudarían catalán, galego ou éuscaro; pero -como xa dixen- non é unha cuestión de xustiza, senón de forza e de imposición histórica, como demostraron con respecto ao idioma galego Carlos Ca-

llón e Henrique Monteagudo, nos seus respectivos e recentes libros. Galiza non é soberana, está espoliada e oprimida e o seu idioma e cultura recúan. Porén eu estou en paz comigo mesmo, porque xeralmente procuro facer o pouco que podo facer ao respecto. O españolismo pode ser maquiavélico (xa o dicía Castelao), mais eu estou esperanzado e, se procuramos facer primeiro o necesario e logo o posíbel, acabaremos facendo o que parecía imposíbel. Porén teño as miñas dúbidas de que a dereita e ultradereita españolas nos deixen traballar e pelexar, democraticamente, polos nosos dereitos sen xogaren suxo. Esperemos o mellor e preparémonos para o peor... Procuro dar a miña opinión e tomo partido, pero non creo estar en condicións de aportar moito máis; aínda que si me gustaría ver un cambio político no Concello de Ourense e na Xunta de Galiza, polo ben da cidade, do país e da maioría da sociedade galega; un cambio que rexenere Galiza e a faga florecer e prosperar en xustiza, a ser posíbel, en harmonía co resto do Estado.



ANTOMS



Por Avelino Jácome

Cando o corazón escoita alimentase a alma

Hai que ver papá canto se aprende cando se cala e se escoita, canta razón tiñas cando dicías que hai que saber escoitar co corazón, "o corazón oe mellor que os oídos por grandes que un teña as orellas. Podese escoitar as sombras das xestas na noite cando saen as congostas; e as estrelas bicar as polas dos bideiros espidas antes de bañarse no Asneiro, tamén as cerdeiras cando as pinta a primavera, os vagalumes de Santa Compañía e os casamentos dos grilos e as súas esmorgas ata a alborada.

O corazón pode escoitar todo se está adestrado como estaba o teu; aberto o peito coma a xanela do cuarto de abaixo outeando cara os sofremientos alleos e a ledicia sentida cando medraban os outros, inda que ti deveceras para converterte nun xigante de tan pequeniño que soubes ser.

Escoitando no Liceo de Ourense, o Santuario da Palabra, a Bieito Ledo, que sabe bendicir coma cura e agasallar como irmán mollando a palabra e sabe tamén, papá, a diferenza entre vir e regresar, el regresa sempre a Ourense porque nunca se foi, éche un home moi importante, mais a min paréce-me un meniño coma nós, porque ti

e eu sempre seremos meniños, os dous durmindo xuntos naquela cama onde te deixaches esvarar cara o Asneiro, o Bieito éche así tamén un meniño turrando dos carros de pan, coas xugadas de vacas ben mantidas en Padroso e con boi de seu, un boi de primeira que enxendra "becerros culóns" que miden case tanto na cruz do lombo coma de alzada, xa o dicías ti que son os mellores para a carne; outras veces véxoo xogando a pelota no Seminario mentres cavilaba como cambiar as inxustizas do mundo que andaba a albiscar, agora veu de "regreso" e inda que precisa os lentes ve moito mellor que cando non os precisaba e segue albiscando o mundo e eu aprendo escoitándoo coma se te escoltara a ti.

Escoitando no Liceo a Armando González, compartindo abrazos e viño, para redimir o tempo perdido, aquel tempo que tardou en traerme este amigo. Ou se cadra "non existe o tempo", como di Benito Eladio Rodríguez, ou só "existe o tempo cando hai cariño, o outro é tempo perdido". Éche tamén un home moi sabido: médico,

músico, poeta, escritor, mestre na Universidade, home de carreira e de carreiros, chámolle "o envexado" porque tráeme namorado o seu xeito de escribir e inda mais o seu xeito de ser, ti xa o dicías "o difícil de verdade é ser boa persoa" e este respira



bondade, é neumólogo de amorosos aires. Os aires do mar e do Arnoia, o río que axudou ao Asneiro a crear o mundo.

Ás veces fala, e outras, fala por el unha fada raíña do fado, téñoche contado dela outras veces, non te rías, sei que ti acordaste ben, cando a escoitamos, si oh! a María do Ceo, naquel Castelo, e agora compuxo para ela un poema tan fermoso e tan tristeiro que faime chorar, fala das feridas dos que confunden o amor e pensan que amar é posuír, esqueceron que o amar e dar e darse, dar ata que doa e cando doa darse ata esvararse no derradeiro alento coma fixeches ti.

Deíxoche uns versíños por aquí; cando falemos unha noite destas recitocha, inda

que ben sei que ti xa estás enterado, de feito, ben te vin no Liceo cando lle botamos "a arrinca-deira"



MORADA DE BÁGOAS

Unha muller, dúas bágoas, con catro marcas moradas agachadas baixo a saia. Na faciana unhas rayban, oito frías coiteladas dunha paixón trasnoitada...

.... Cómplices xordos e cegos, mil silencios de violencia, mil covardes sen conciencia...
...Pasaron xa dous mil anos, e séguese a escoitar axiña:
"Mateína porque era miña..."

(Versos de Armando González "o envexado")

Oes papá, voume ir despedindo que ando mal da gorxa, agora entenderas ben, porqué lle chamo "o envexado", mais non te preocupes que envexa non lle teño, o que sinto é unha admiración, raíando a devoción, por iso, cando fala escóitoo co corazón, tal como me ensinaches nas noites da xeadada cando non arranxaches o cristal da fiestra ata que veu o verán, aquela se que foi unha pequena maldade pero perdóacha porque así durmimos moi achegadiños aquel inverno.

O Nadal onde comezou o mundo

O Asneiro, ledado, dende Lamas á tosta de Mouriscade baixa bicando nos bidos e nos ameneiros, coma unha moza namorada, con paixón e dozura, con agarimo e tento, ten un andar feminino, seguro e feiticeiro, cheiño de arrecendos a sabugueiro e loureiro.

Vístese de escumas antes da curva das Perdices e remexe con forza nas augas do regatiño do Baño. O Asneiro é coma un mozo baril de ollos brillantes, de mans rexas, pequeno de perna, mais de peito forte e ombreiros xenerosos para o carrexo, ventureiro e arriscado, ousado coma o

Candán, desafiando o ceo, cando couta a choiva.

O Asneiro, e un año noviño que comeza a andar, rebulideiro e saltador nos prados, é lene entre a la da súa nai. Cando as folerpiñas vanse deitando no colíño das augas, asemellan ovellas pacendo e as maceiras de Xaime, pastorciños agardando o nacemento do meniño Deus.

Ó remate da Granxa das Perdices, logo de descansar un chisco, canta e ri na ferveciña. Se te deitas coa orella pegada o chan, escoitalo falar coa Vella, conversas de cando entre os dous, criaron as augas

primeiras coas bágoas da ledicia da Vella e as outras coas da tristura, tantas foron, que asolagaron o mundo pola ruindade dos homes. Tes que deixar callar as felepas ata que o manto branco te cubra coma un anxiño e o son da ruxidoira marmule unha oración.

Mentres, en Ribas do Asneiro, os tellados branquexan paseniño, son os cabelos dos avós, dos que viven e dos que nunca morrerán, inda que morreran, e o fume furga nas tellas derretendo na neve; nunha loita perdida, porque a brancura imponse para festexar o Nadal. En Ribas do Asneiro non falta ninguén, "ninguén" non existe, todos somos "alguén" eternamente. Alí, xúntanse os mozos de tódolos tempos, nas lareiras

e nos mazadoiros, arredor dos fumeiros e das tarteiras de capón con pataquiñas rondiñas, asadiñas coa calor das brasas dos carolos de millo e cántanse os reis ata que amanece.

O amencer do Nadal entre Codeseda e os Muíños é un miragre, na ponte de Lamas o Asneiro escintila con ouro e prata, entre a brancura das arbores e fumega soños de xovenca nova, arrecende a papoulas e margaridas, a mazás e fentos, as amoras e as landras e as castañas dos soutsos, en ningures alborexa deste xeito, o ceo pínbase nas augas de mil maneiras distintas, adorando aquel recuncho onde comezou o mundo.

Alomenos o meu mundo.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 658 58 50 49

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio - Martirena – Pepe Carreiro – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado .



Xornal Cultural
para o Lecer

Depósito legal: VG-14/2017

Opinión

Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

Tempos que corren tolos

Son tempos turbulentos os que debemos contabilizar na final dun ciclo, un ano máis. A actualidade anda sobrada e non temos por onde pousar na escasa cordura, para pensar e considerar a nosa triste situación onde a mentira crea feridas que ninguén cura, onde estamos presos desta modalidade móbil e inmediata que nos castiga, das necesidades imperiosas, dos reloxos que marcan latexos sen saber que case todo é inservible e ineficaz, inútil. Metidos nesa dinámica de non querer saber, de prescindir e quedar tan só co titular das noticias. Sen sabelo, facémonos tamén un pouco ineptos, deixándonos levar do urxente usufruto nesta tola usurpación da vida en inminencias.

Escándalos, delitos de sedición, malversación, mala cobertura, zonas cegas. Si, si, por un lado está isto de que o si é si, algo que deba estar entendido, digo desde a miña tímida razón. Está creando un problema de redacción que delimita perfectamente as “entendedeiras” de moitos intérpretes que, claro está, non están afeitos. Sentenzas machistas? Tamén en Qatar acenden lumes de hipocrisía entre

reproches e contradicións que o mundo - en silencio- apoia. Mentres tanto a guerra segue a deixar regueiros de sangue e alimenta as tribunas internacionais onde se sinalan imperialistas ansias de ofender a intelixencia. Outros falan da intelixencia artificial que seica nos vai apoiar e demostrar que somos algo parvos. Que si, o sistema fiscal precisa reformas tributarias. Iso sábeo calquera. Non se molesten os ricos, sempre se fará sen tocar aos súas fortunas. Comezará por cobrar á sociedade do futuro desde xa, para que veñan con débedas para optimizar os servizos públicos con menor gasto. A crise está presente nos fogares, descubren, e agora no inverno poderemos resistir menos do que se pensaba. As criptomonedas van abocadas a cero, os autónomos tamén existen -ou subsisten, os bancos seguen a forrarse e cada vez máis, soben os tipos, o futuro mira o meta verso con iniciativas que se consolidan en trucos virtuais, todos corren coa innovación para poder disimular os erros e transformar a desigualdade brutal, todos loitan pola soberanía -aunque algúns xa o calaron, non dá votos. O Musk ese,

seica un descerebrado que nos ameaza. Somos incapaces de reciclar e reciclarnos, mesmo empezamos a ser cómplices vendo este Mundial de tanta inxustiza encuberta e debaixo da alfombra tanto lixo! O traballo nos come a vida e o sosego, debemos descansar máis. Estamos privatizando o estrés, atormentándonos. A ideoloxía é de conspiración. A arte se perde en vaguidades lonxincuas da beleza. As parvadas están descontroladas e son explosivas, a ninguén deben deixar indiferente. En Vigo deron a luz once millóns de lámpadas led, cegan os ollos da estupidez constitucional que permite tal dispendio e que chama a tanto incauto. Certamente estamos mal, as enfermidades mentais comezan a ser pandemia e os xuízos teñen cola, non dan feito! Os gobernos están a tope, a oposición esconde o rabo. Abrasan á ministra e unha presidenta está en liberdade, sabéndose culpable. Gañou Lula, perdeu Trump. Os culpables fanse mártires. Fakes news máis cribles, así en inglés, que as mentiras de sempre. E, haberá por aí algún psiquiatra libre? Somos xa oito mil millóns e sen equilibrio de poboación estable, salvo aquelas tribos das que non se sabe. China se empoleira. As mulleres desobedecen en Teherán e non levan o pano da imposición iraniana. Os

humanos xogamos a ser deuses e, claro, fracasamos. Morren na fronteira de Melilla moita xente nova que soñaba liberdade. O problema agora é dun debuxo da liña fronteiriza. Moita xente busca traballo. Os médicos non dan máis, e por riba estamos case todos mal, desequilibrados, perdidos, afectados de calquera síndrome, contaxiados de esperanza, sobrados de ignorancia. Mira ti, e eramos quen presumía de sistema de saúde, a sanidade mellor do mundo e parte do estranxeiro. Os científicos alertan da crise climática unha vez máis, advirten que xogamos coa nosa extinción. Non hai vivendas, os pisos son moi caros aínda sendo de protección oficial. As eólicas se venden lonxe e estragan o rural, aquí ao lado. Viñeron moitos afgáns a Sobrado para fixar poboación nas aldeas. Alguén meteu un gol. Moitos malos políticos despreocupados dos cidadáns, sen corrixir os graves erros. Que pequeno é o mundo. Hai un silencio social enorme, mal síntoma. Somos e estamos indefensos. Estaremos protexendo a vergoña e agrandando a vida dos perversos? Pois etcétera.



Xosé González Martínez. Presidente Foro E. Peinador.

Antón Beiras, un científico progresista e galeguista

A década dos cincuenta do século pasado está ateigada de feitos e personaxes sobranceiros que salientaron no eido científico. Para que isto ocorrese non podemos esquecer algúns fitos relevantes. En 1956 celébrase en Buenos Aires o 1º Congreso da Emigración Galega. Un cónclave que foi decisivo para alentar no interior do país un proceso de modernización e avances en todos os campos.

A Revista de Economía de Galicia, que foi o intento máis rigoso e científico de ordenar o pensamento económico galego e as iniciativas que se deberían tomar para reconstruír a identidade galega e todas súas compoñentes, ten as súas orixes naquel congreso.

Esta publicación foi promovida por un grupo de empresarios galeguistas que sufriran a represión da ditadura. No editorial do primeiro número correspondente a xaneiro de 1958, manifestan expresamente o seu pensamento: “A economía ten unha íntima vinculación coa cultura, ben coma un dos seus factores integrantes en canto

riqueza, ben como produto cultural específico en canto investigación e coñecemento teórico desa riqueza”. Son os precursores do I+D+i + G, a recorrente fórmula aritmética aplicada para o desenvolvemento económico dun país concreto cunha economía diferente das circundantes.

Ese mesmo ano Juan Rof Carballo publica en lingua galega o ensaio científico “Mito e realidade da Terra Nai”. Unha publicación que explica con rigor a idiosincrasia da personalidade dos galegos á luz da antropoloxía médica, nomeadamente da medicina sicosomática.

Previamente, algúns dos protagonistas dos grandes avances deste período histórico poñen en marcha os Labotarios Zeltia, o primeiro centro de investigación biomédico de prestixio internacional. Antonio Fernández, Isidro Parga Pondal, Álvaro Gil Varela e Ramón Obella Vidal son algunhas das figuras claves deste proceso. Todos eles sufriron represión e exilio. Malia esas adversidades forman parte desa constelación de feitos anteriormente descritos.

Unha xeración senlleira na historia de

Galicia formada en espazos comúns. Antón Beiras xorde cultural e politicamente na asociación Ultreya, creada por Álvaro das Casas nos anos vinte. Tal foi a gratitude a aquel movemento cultural que ao seu fillo púxolle un nome composto: Hixinio Ultreya. Especialista en oftalmoloxía, foi o autor do primeiro traballo científico redatado en lingua galega, que a Academia Médico Cirúrxica de Galicia publicou en 1957 na súa revista “Referatas”, titulado “Ensaio para mellorar os resultados terapéuticos no estrabismo”.

Comentábame un compañeiro de Antón Beiras como este reivindicou o uso do galego en certa ocasión: “Estabamos nun congreso internacional no que participou para explicar o seu descubrimento científico para corrixir o mal do ollo birollo e o instrumento que denominou “Vigoscopio”. Cando subiu ao estrado empezou a súa disertación en galego; os asistentes montaron unha alporizada zarracina alegando que o idioma oficial do congreso era o inglés. Negouse a facelo nese idioma con este argumento: “Para descubrir as causas do estrabismo e idear un instrumento para corrixir ese defecto visual, tiven que documentarme estudando a bibliografía publicada en inglés, castelán, francés, portugués, italiano e alemán. Xusto é que agora os que os congresistas aprendan o

galego, que é o idioma no que concebín as miñas investigacións, se teñen interese nelas”.

Antón Beiras foi un galeguista progresista, solidario cos galegos que sufriran a represión dun réxime que tiña choídos nos cárceres a moitos científicos, a moitos galegos e galegas por defenderen o réxime constitucional republicano. A súa participación nas tertulias clandestinas que se celebraban en Vigo na longa noite de pedra deixaron un pouso que foron recordadas polos derradeiros sobrevivintes daqueles tempos.

A Irmandade da Sanidade Galega, integrada no colectivo Galeguizar Galicia, coas colaboracións da Secretaría Xeral de Política Lingüística, Concello de Santiago e Universidade de Santiago de Compostela, promoven unha homenaxe na Facultade de Medicina que se celebrará o próximo día 26 ás 12:00 horas, co descubrimento dun busto realizado en bronce polo escultor José Molares, que será situado nun dos corredores do centro. Están previstas diversas intervencións de cualificadas personalidades que glosarán a memoria dun científico que fixo ciencia en galego ao servizo da humanidade.



Por Isidoro Gracia Plaza

O futuro de Europa e a metáfora do pallaso de Kierkegaard

Desde hai anos, reflexionei sobre cara a onde marcha a U.E. e toda Europa, terminaba en 2015 cunha pregunta: Os meus netos seguirán vivindo nunha Europa en paz?

Á vista dos acontecementos de entón, as preguntas sobre o futuro da U.E., e como consecuencia do conxunto de Europa, situábas no tempo dos fillos, e mesmo cheguei a temer que nos alcanzase no día a día dos que xa superamos a idade de xubilación. Lamentablemente acertei.

Comecemos pola metáfora, contaba Kierkegaard que un circo comezou a arder. O empresario, non tendo outra persoa máis a man, enviou ao pallaso a comunicar aos asistentes o suceso. Pero o público, ao ouvir a trágica noticia de beizos do pallaso, creu que se trataba dunha bufonada máis e non abandonou o recinto. O incendio estendeuse, e boa parte do público pereceu, vítima dunha mentalidade sen a axilidade e intelixencia necesarias para escoitar unha mensaxe e entendelo.

O fenómeno do illamento cos da propia tribu, como solución a todos os problemas, e o perigo que implica o xurdimento de partidos políticos que explotan o nacionalismo, a relixión, ou o medo ao estraño, fronte á idea de unidade en igualdade de dereitos e o respecto ao alleo ou diferente, estimulando así a intolerancia fronte a outras ideoloxías, credos ou razas, e termínase censurando e perseguindo todo o

que non encaixe dentro do seu esquema ideolóxico.



Este fenómeno de illamento político que se coñece como nacionalismo, neofascismo ou outros neos.... estiveron na base do estalido en Europa da Primeira Guerra Mundial e tamén da Segunda. Por certo, o aspecto do pregoeiro da mensaxe, no que se anunciaba o gran incendio de Europa (Hitler), moitos o consideraron tan ridículo como o do pallaso de Kierkegaard, e a maioría do público tampouco entendeu a mensaxe, é máis puxo ao pregoeiro ao mando cos seus votos.

Para evitar que o público europeo fose outra vez cliente dese tipo de mensaxes, aceptando e votando ás súas valedores, e convertendo así, por enésima vez, a Europa nun escenario, no que o espectáculo resulta ser unha violenta fogueira, na que os estados se agriden sen límites, algúns pensadores visionarios tentaron unha creación,

que tivo e aínda ten (ou debería ter) como primeiro obxectivo salvar á propia civilización europea do colapso, ao que se viu abocada polas continuas guerras entre veciños, a Comunidade Económica Europea, da que deveu a actual Unión Europea.

Segundo Toynbee ao colapso dunha civilización chegaríase pola incapacidade das institucións de dar solucións aos problemas dos seus cidadáns, o que favorecería a desintegración e un cisma no corpo social, corpo social que se fracciona nunha minoría dominante, un proletariado interno e un proletariado externo. Do avance dos partidarios da desintegración da U.E. dan fe o Brexit, o incremento dos votos dos partidos

anti europeos e xenófobos, mesmo o seu acceso a gobernos como os de Polonia ou Hungría, os rozamentos cun aliado como Turquía, ou as posicións do anterior presidente de EEUU, ao que non é alleo a metade do electorado. Da aparición doutros factores, tamén estudados por Toynbee, como o fraccionamento do corpo social nunha minoría dominante (hoxe maioritariamente especuladores e financeiros); un proletariado interno, producido e ampliado polas políticas austericidas, xeradoras de parados, estafados, desposuídos de vivenda e servizos públicos, explotados laborais, dependentes privados de axuda, etc. e dun proletariado externo, que hoxe se conta en millóns de migrantes presionando sobre as fronteiras, basta confirmar a súa existencia nas cabeceiras diarias de todos os medios de comunicación.

Por se non fosen suficientes os avisos externos, aí están os do novo polo que

que estivo a piques de xerarse nas últimas eleccións presidenciais Francesas, ou o sucedido nas últimas xerais en Suecia, aquí, en España, séguese xogando a fraccionar, en base a nacionalismos ou autoritarismos, autoritarismo neo-franquista ao que non é alleo o PP, que disimulan a simple demanda de exclusividade, máis que para a administración, para a depredación dos recursos públicos por parte da minoría que se identifica coas súas ideas relixiosas ou ideolóxicas, mesmo esa forza que se auto-proclama moderada, convida o xogo da ruleta rusa ao meter en gobernos a inimigos declarados do sistema democrático.

A risco de que me fixesen o mesmo caso que ao pallaso de Kierkegaard, eu avisei que existía un incendio que ameazaba con arrasar a sociedade na que se conseguiu o maior grao de liberdade e benestar, para unha gran maioría. E os catro factores para que iso prodúzase estaban e están presentes e próximos. O combustible: a desigualdade; o comburento: a indignación crecente, a enerxía de activación: os discursos anti-sistema, ou os aislacionistas e xenófobos, e a reacción en cadea: as decisións dos gobernos mal chamados populistas.

E este ano a demostración do incendio chegou ás portas da Unión Europea da man do autócrata Putin, e continuou, xa dentro, cos resultados das últimas eleccións en Italia.



Por Nemésio Barxa.

Vinho e castanhas

Se algun alimento é merecem-te de noso agradecimento perpétuo esse som o vinho e a castanha. Durante séculos nosos antergos mantinham seu corpo com castanhas e elevavam seu espírito com vinho. E se em algum lugar se conjuntam ambos produtos é na Ribeira Sacra, onde ainda os abundantes castanheiros proporcionam o manjar que, principal nas suas origens, foi decaindo depois da chegada da pataca e que agora novamente recobra seu protagonismo como elemento indispensável na nova cozinha, baixo diversos tipos de elaborações, desde a tradicional castanha assada ou cozida e o pão de farinha de castanha até todo tipo de dozes, amendoados, e produtos dos mais requintados obradoiros.

E se falamos de vinho, a viticultura

mais sacrificada e os melhores vinhos, apreciados já pelos imperadores romanos, som os que se cultivam e elaboram nas múltiples adegas das encostadas ribeiras do Minho e do Sil, nos limites das províncias de Ourense e Lugo, onde floresce e sobranceia a caste mencia e seus tintos, monovarietais ou polivarietais, e seus brancos com predomínio do godelho.

Um conjunto harmônico que enriquecem monumentalmente as varias igrejas e conventos, restaurados uns e em via de restauração (ou perda definitiva) outros, nos que floresce o românico.

Conscientes de esta unidade da Galiza tradicional a Irmandade dos Vinhos Galegos celebra todos os anos, no sábado mais próximo ao São Martinho o seu Magusto, escolhendo a tal fim a joia arquitetônica da

Ribeira, o Mosteiro de Santo Estevo de Ribas do Sil, crisol da estética arquitetônica diversa e complementaria, que oferece disfrute á imaginação, descanso ao tráfego do vivir diário e alegria de compartilhar viandas, lendas, tradições, cantos e amizade para os Irmandinhos que com seus amigos e familiares atreven-se a circular por aquelas



estradas e chegar com a máxima ilusão á reunião anual.

No día 12 do mês de novembro, como todos os anos e com o ritual habitual, celebrou a Irmandade dos Vinhos Galegos seu capítulo, numa cata comentada de diversos vinhos brancos e tintos, na recepción de novos Irmandinhos, num magusto que, polo variado dos manjares, vais mais alá de um magusto tradicional e todo seguido de um almoço no que se reconhecía a diversidade da cozinha nascida da castanha.

Resulta de agradecimento e de lembrança, festejar a castanha que tantas fames moderou nos séculos anteriores ao XV e o vinho que deu alegria de viver já que a escassez de comida não dava para muitas festas.

Quinta do Limoeiro, 30.11.22



A Fundación Insua dos Poetas organiza unha xornada cunqueiriana

Ourense celebrará o 111 aniversario do nacemento de Álvaro Cunqueiro a través dunha iniciativa da Fundación Insua dos Poetas que conta co respaldo da Deputación de Ourense e que se celebrará na Esgueva (Madarnás, O Carballiño) arredor do 22 de decembro, data de nacemento do xenial escritor de Mondoñedo. “Álvaro Cunqueiro”, dixo Luís González Tosar, presidente da Fundación Insua dos Poetas, “debe estar por dereito propio e pola valía da súa obra, especialmente da escrita en lingua galega, á que Cunqueiro elevou á súa máxima categoría, entre os autores e autoras que integran o mundo literario da Insua dos Poetas”. González Tosar destaca a im-

portancia de incluír a Cunqueiro nun universo no que xa están autores como “Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Eduardo Blanco-Amor, Federico García Lorca, Xosé María Díaz Castro, Celso Emilio Ferreiro, Pura e Dora Vázquez, Carlos Casares, Antón Tovar e outros destacados poetas”.

A Fundación Insua dos Poetas, avanza o seu presidente, está establecendo os contactos oportunos coa Deputación de Ourense, a Xunta de Galicia, o Parlamento galego e o Concello de Mondoñedo “para darlle o máximo nivel e categoría a unha celebración que, aproveitando a conmemoración do 111 aniversario do nacemento do escritor mindoniense, axude a honrar e espallar a súa obra e o

seu pensamento na provincia de Ourense”.

Conxunto escultórico

Entre as actividades previstas nesta xornada cunqueiriana, Luís González Tosar apunta a realización do mencionado conxunto escultórico a cargo dunha xoven artista da comarca do Carballiño, Tatiana R. Fírvida (Boborás, 1995), con estudos no EASD Antonio Faílde de Ourense e Grao en Belas Artes na Universidade Nebrija de Madrid onde traballou coa recentemente desaparecida artista multidisciplinar Ouka Leele. Tatiana R. Fírvida xa está elaborando unha peza simbólica da obra de Álvaro Cunqueiro inspirada no poema “Ese alguén de meu que nunca volve”, texto considerado pola crítica especializada



Cunqueiro e Blanco Amor en Ourense a finais dos anos 60.

como o testamento poético de Álvaro Cunqueiro.

Un escritor referencial

Álvaro Cunqueiro Mora (Mondoñedo, 1911 - Vigo, 1981) está considerado pola crítica como un dos verdadeiros mestres das letras do país, cunha obra que o sitúa coma referente tanto da literatura galega como da literatura española do século XX. Novelista, poeta, dramaturgo, xornalista, tradutor e gastrónomo -co seu fundamental ensaio “A cociña galega”-, a figura

de Álvaro Cunqueiro é tan poliédrica como a súa obra. Vanguardista, neotrobador e, sobre todo, un xenial narrador que deixou obras mestras como “Merlín e familia”, “As crónicas do sochantre”, “Se o vello Simbad volveuse ás illas”, ou “Un hombre que se parecía a Orestes”. Esa asombrosa capacidade narrativa de Cunqueiro queda condensada tamén en escolmas de relatos como “Escola de menciñeiros”, “Xente de aquí e de acolá” ou “Os outros feirantes”.

O xacemento Aquis Querquennis, de Bande, prosigue as escavacións



A Porta Praetoria está en proceso de reconstrución.

O padroado da Fundación Aquae Querquennae-Vía Nova celebrou unha reunión para valorar o apoio da Deputación e da Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS). O complexo arqueolóxico Aquis Querquennis, escavación situada ás beiras do encoro das Conchas, en Bande, conta co respaldo do goberno provincial. Unha liña de colaboración reforzada este mesmo ano, cunha achega para sufragar parte dos custos da tempada de escavacións do complexo militar romano que tamén abrangue o cofinanciamento dos gastos de funcionamento da Fundación Aquae Querquennae-Vía Nova.

Visitaron o xacemento o presidente da Deputación xunto co presidente da Fun-

dación Aquae Querquennae, Antonio Rodríguez Colmenero; a alcaldesa de Bande, Sandra Quintas; o presidente da CHMS, José Antonio Quiroga e o responsable das escavacións, Santiago Ferrer.

Baltar gabou a figura de Antonio Rodríguez Colmenero, “verdadeiro propulsor desta iniciativa cultural e da continuidade das escavacións, seguiremos traballando para ofertar unha magnífica postal de Ourense”. E destacou as importantes investigacións realizadas por Rodríguez Colmenero nesta escavación e tamén sobre a Vía Nova, calzada romana que unía a antiga Bracara Augusta (Braga-Portugal) e Asturica Augusta (Astorga), e onde precisamente o complexo arqueolóxico de Bande era un dos puntos de descanso.

“A festa da pintura” obra de César Taboada



A mostra estará aberta ata o día 8 de xaneiro.

O Centro Cultural Marcos Valcárcel acolle a exposición “CZAR. Dimensión social dunha erótica da arte”, do artista ourensá César Taboada, comisariada por Teresa Cendón.

“Quero ligar diferentes culturas nun século XXI que está asistindo ao cambio de roles e tipos de vida nalgúns lugares onde conviven a riqueza e a pobreza”, sinalou César Taboada sobre o contido da súa exposición. Taboada, que pasa gran parte do ano con programas de intercambio e formación artística en países de Oriente Medio e India, transmite á súa obra esa experiencia vital.

Francisco González, director do Centro Cultural, destacou de César Taboada a “súa enerxía vital, unha enerxía e unha

forza que, por natureza, ten que estar tamén presente no seu traballo”, ao tempo que lembrou ao César que expuxo os seus traballos nos inicios do centro cultural, hai agora 20 anos.

O crítico de arte Xosé Antón Castro destaca varios aspectos da obra de César Taboada, entre eles a súa “facilidade dibuxística”, unha neofiguración transgresora e “un cromatismo, a veces incendiario” que leva ás súas obras por espazos nos que discorren relatos reais e imaxinarios que reclaman “a consideración da arte coma unha festa”. Castro incide en que a pintura para Taboada é “un xogo e unha diversión... unha maneira de axudarnos a percibir o mundo cos mesmos ollos de pracer, optimismo e felicidade cos que él o fai”.

Redacción OURENSE

“Camiño do recordo” gaña o Festival Internacional de Xardíns de Allariz 2022

Preto de 30.000 persoas visitaron os xardíns desde o mes de maio

O Festival Internacional de Xardíns de Allariz pechou a súa duodécima edición adicada aos Xardíns terapéuticos, deseños que curan, aberta dende maio. Neste tempo preto de 30.000 persoas visitaron os xardíns efémeros. As cifras mostran, segundo sinalaba o tenente de alcalde, Bernardo Varela, “a consolidación do Festival co paso dos anos, aínda que este verán as altas temperaturas que vivimos non favoreceron moito a visita”.

O evento alaricano, único no Estado, converteuse, ao longo de doce anos, nun referente paisaxístico. Asociacións e empresas do sector axudan ao incremento da presenza do Festival de Xardíns de Allariz no eido empresarial. A asemblea anual de AGAEXAR, a Asociación Galega de Apicultura ou outras relacionadas co turismo como Garden Tours ou

Bomarzo son parte dos exemplos de que o Festival de Xardíns, ademais de ser un dos principais atractivos turísticos da localidade, é un motor económico de referencia para o sector.

Premio

Unha vez pechada esta edición, procedeuse ao recuento dos votos dos/as visitantes que ao acudir ao recinto teñen a opción de elixir o xardín que máis lles gusta. “Camiño do recordo”, do equipo madrileño Apaisados recibiu o 21,04% das votos polo que se converte no gañador do Festival Internacional de Xardíns de Allariz 2022 e permanecerá un ano máis no recinto do Festival.

O tema do xardín está adicado a persoas con alzhéimer. Como o seu nome indica “Camiño do recordo” busca mover ós usuarios a lugares onde puideron crear algún recordo ao longo da túa vida e axudar a



lembralo.

O segundo lugar, foi para o xardín do galego Daniel Carvajal Alonso, “Legado”, que cun 13,86% dos votos acadou a segunda posición.

E no terceiro posto, “Gardenarium”: The health rooms da italiana Martina Pappalardo, que con un 10,95% dos votos acadou esta terceira posición.

O FIXA está a recibir novos deseños para o vindeiro concurso, aínda que ata o día 30 o prazo continúa aberto para recibir as propostas para o vindeiro ano baixo o lema “A volta ao mundo en once xardíns”.

Ourense engalana as rúas con acivros



O Concello de Ourense colocou acivros ornamentais en diferentes puntos da cidade. Con esta iniciativa, unida á iluminación de Nadal e a un programa festivo o Concello quiere animar a cidadanía a saír ás rúas e gozar do ambiente destas datas. Igualmente, preténdese engalanar as rúas como incentivo para a campaña de Nadal do comercio local.

Desde o goberno municipal exhórtase ao coidado destas árbores, que se manterán nas rúas de Ourense ate o remate das festas. Chegado este punto, organizarase unha recollida das especies ornamentais, establecendo un punto fixo para que a cidadanía os poida depositar (e non botalos ao lixo) e promover unha nova vida para estas especies no viveiro municipal.



DON ÁLVARO

Felices Festas
de Nadal e Aninovo

Avda. Santiago 120
OURENSE

Bar FUENTEFRÍA

Afumados
Carnes
Clásicos
Queixos
Ensaladas

Rúa Viriato, 6
OURENSE





Bo Nadal



Rúa Lepanto, 10 . Ourense



Capricho

Servizo a domicilio

CASCO HISTÓRICO OURENSE

Rúa Lepanto, 17 - bajo - OURENSE

Tfno. 988 981 601

O Ballet de Kiev estará no auditorio con “O lago dos cisnes”

O auditorio municipal de Ourense iniciará a súa programación de actividades para 2023 coa actuación do Ballet de Kiev, que presentará “O lago dos cisnes” o domingo, 1 de xaneiro, ás 19:00 horas. O Concello aposta por abrir de novo este ano cun espectáculo de ballet coa finalidade de consolidar o aninovo como unha cita clásica con esta arte escénica na cidade. Este 2022, aposta pola prestixiosa compañía de Kiev nun xesto de solidariedade cara ao pobo ucraino. Toma así o relevo do Ballet Ruso, que actuara no auditorio ao inicio do presente ano. O espectáculo terá finalidade benéfica, xa que haberá unha doazón a UNICEF de 1,5 euros por cada entrada vendida para apoiar o seu traballo na emerxencia de Ucraína.

A xira, co lema “Bailando desde o corazón” chega a Ourense con “O lago dos cisnes”, adaptación da música de Piotr Tchaikovsky, co libreto de Beghitchev e Vasili Geletzer,



a coreografía de Marius Petipa e coa dirección de Ana Sophina Scheller. A obra transcorre entre o amor e a maxia, enlazando nos seus cadros a eterna loita entre o ben e o mal. Os seus protagonistas son o príncipe Sigfrido, namorado de Odette, moza convertida en cisne polo feitizo malvado de Von Rothbart e de Odile, o cisne negro e a filla do feiticeiro.

Ana Sophia Scheller, nada en 1986, está considerada unha das bailarinas máis brillantes do mundo, sendo solista do New York City Ballet, San Francisco Ballet ou o Teatro da Ópera de Kiev, entre outros. A súa carreira ligouse ao Teatro da Ópera de Kiev en 2019. Debido á situación de guerra neste momento, a compañía Ballet

de Kiev é refuxio para os seus artistas, dándolles a oportunidade de seguir transmitindo emocións a través dos seus movementos.

No ano 2017 o famoso bailarín solista do Teatro da Ópera de Kiev, Viktor Ishchuk, consegue realizar un soño longamente cultivado: a creación dunha compañía estable e nova que reunise as estrelas máis prominentes de toda Ucraína e puidesen presentarlle ao mundo o talento, a mestría e a profesionalidade dos artistas daquel país. Entre os seus membros, conta con varios dos solistas do Teatro da Ópera e Ballet de Kiev.

As súas primeiras representacións conseguen o apoio dos principais nomes da escena ucraina e inmediatamente son convidados polos teatros máis importantes do mundo, realizando desde entón máis de 500 actuacións. Nas súas numerosas xiras percorreron os mellores escenarios de Suíza, Alemaña, Francia, Polonia, Croacia, China, Mexico.

A 45 Carreira de San Martiño



Os atletas adultos pola rúa Ervedelo.

O atleta portugués Nuno Costa, corredor da SD Compostela, foi o gañador absoluto da 45ª edición da Carreira Popular San Martiño tras facer os dez quilómetros de percorrido en 30 minutos e 19 segundos. Completaron o podio Jorge Puig e Esteban Iglesias.

A atleta venezolana Yoselyn Brea, do equipo Adas Calviá, foi a máis rápida das competidoras femininas ao facer o percorrido en 33 minutos e 25 segundos. Joselyn Brea finalizara o ano pasado na segunda posición. Participaron 8.500 corredores.

Asheber Díaz foi o gañador da proba escolar. O atleta do Agrupación Viguesa De Atletismo impúxose a Teo de Froitos, do Lucas, e de Héctor Rodríguez Vázquez, do Colexio A Purísima. O gañador completou os cinco quilómetros do percorrido en 15 minutos e 45 segundos. O segundo clasificado chegou a só cinco segundos de diferenza. Sabela Castelo, do equipo Club San Miguel, de Marín, foi a máis rápida na categoría feminina. Amparo Corredoira e Sabela Martínez completaron o podio. Nesta categoría se inscribiron máis de 2.000 deportistas.

Ataraxia

Tfno. 988 68 64 12
Praza do Corredor, 12.
Praza dos Suaves. OURENSE

PINCHOS
Brochetas
TOSTAS
Raciones
Ensaladas
PLATOS
"VEGETARIANOS Y VEGANOS"

Maria Tapas
Bar

Comidas para llevar

Rúa Unión 1
651 853 881

Café Bar Torremolinos

Feliz 2023

Rúa Marcelo Macías, 35. Teléfono 988 231 107 OURENSE

Establecimiento seguro
Certificado desinfección
www.saneacontrol.com

café prifer

Feliz Navidad

Rúa Marcelo Macías 56
O U R E N S E

O cantante urbano Omar Montes actuará na cidade de Ourense

O popular cantante Omar Montes ofrecerá un concerto en Ourense o día 16 de decembro. Será un dos moitos atractivos que prepara o Concello para a programación de actividades do Nadal 2022. A actuación será ás 22:30h no Pavillón dos Remedios, coincidindo coa inauguración do Poboado de Nadal que instalará o Concello na cidade durante as festas. As entradas, a un prezo de 12 euros, xa están á venda na web de Ataquilla.

O concerto servirá de presentación do gran festival de música urbana "OURBANO", que organizará o Concello os días 29 e 30 de abril de 2023, que converterá Ourense no escenario de referencia a nivel estatal da música urbana. O Concello avanza así na súa aposta por este estilo musical, logo da excelente acollida dos concertos de artistas como Morad e Mikael Delacalle.



O madrileño Omar Montes é un dos máis populares creadores da nova escena trap e da vanguardia urbana en España, e un dos artistas españois con máis éxito dos últimos anos. Omar continúa coa tradición que comezou a finais da década dos anos 70 de fusionar o flamenco con ritmos afroamericanos e, coa súa particular forma de entender a música, converteuse nun dos máximos expoñentes do novo

"flamenco urbano" fusionando trap, hip hop, EDM, reggae e reggaeton con flamenco.

A comezos de 2019 lanzou o seu primeiro álbum, La Vida Mártir, logo do éxito acadado coas súas anteriores cancións e videoclips. Tamén ese ano viviu unha explosión de popularidade mediática a través das súas aparicións en televisión, resultando gañador do programa Supervivientes 2019. En 2020 consolidouse como un dos artistas urbanos españois máis influentes, acadando grandes éxitos en moitas das cancións nas que colabora. A súa traxectoria continúa en liña ascendente, con moitos proxectos, novos retos e iniciando o seu desenvolvemento internacional. Ten 15 discos de platino e conta con máis de 5,5 millóns de oíntes mensuais en Spotify e 1,4 millóns de seguidores en Instagram e 763.000 seguidores en YouTube.

O médico Roberto Fernández, Premio Blanco-Amor



O acto celebrouse no Liceo de Ourense.

O ourensán Roberto Fernández Álvarez recibiu o XLI Premio de novela Eduardo Blanco-Amor pola obra "A inmoral doutora Cons", unha novela seleccionada polo xurado de entre 25 orixinais presentados ao galardón máis veterano e de maior prestixio da novela en lingua galega, organizado pola Deputación de Ourense en colaboración coa Fundación Eduardo Blanco-Amor e dotado cun premio de 15.000 euros, xunto cunha peza escultórica do artista ourensán Acisclo Manzano.

Roberto Fernández Álvarez agradeceu o premio, "enmarcándose

entre dúas correntes eléctricas, a miña paixón pola literatura e a miña paixón pola medicina". Confesouse fascinado por recibir "o premio Nobel, porque para min este é o premio Nobel da literatura galega". O gañador adicou o recoñecemento ao seu pai, Silverio, pola influencia literaria na súa persoa.

Luís González Tosar remarcou a celebración "dun personaxe completamente distinto, Eduardo Blanco Amor, un rapaz que con dezanove anos decide emigrar, vivir unha vida libre e recuncar en 1965 a Ourense, cheo de ilusións, entrañable e necesitado de cariño".

D'AURIA

Ambiente acoledor para comidas e ceas de amigos
Rúa Fornos, 2. Casco Vello. 988 54 16 44. OURENSE

Tizar
Gourmet

Tel: 988 78 26 89
Tel: 633 84 90 10
Plaza de Santa Eufemia, 5
32005 Orense
tizargourmet@gmail.com
Facebook @tizargourmet
Instagram @tizargourmet

cafetería & vinoteca
Cotrozo

Bo café e excelentes viños
na mellor compañía

Rúa Francisco de Moure, 11 (O Couto)
Tfno. 988 61 81 41. OURENSE

Adega Vella

Eirexa 14, ABELEDA.
32765 A TEIXEIRA - Ourense.
Tfnos. 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Ribeira Sacra
Consello Regulador Denominación de Orixe

Os Premios Mestre Mateo entregaranse en marzo

Presentouse a XXI edición dos Premios Mestre Mateo que se celebrarán o 11 de marzo de 2023 no Auditorio. Durante o acto tamén se inaugurou a exposición “Un retrato ben merecido”, promovido pola Academia Galega do Audiovisual (AGA) ao igual que os premios no edificio Marcos Valcarcel.

Nun acto presentado por Eva Fernández e Rodrigo Vázquez, Manuel Baltar estivo acompañado polo presidente da AGA, Álvaro Pérez Becerra; as directivas da AGA Saamira Ganay e Susana Veira; o director e actor ourensán Tito Asorey; a comisaria e o fotógrafo da exposición “Un retrato ben merecido”, María Yáñez e Aigi Boga, ademais do autor do vídeo de “Témolo ben merecido”, Manuel Silva.

Manuel Baltar aplaudiu o traballo realizado nas últimas décadas pola Academia Galega do Audiovisual -coa que o goberno provincial mantén unha alianza de cooperación- a prol deste sector: “Comparativa e cualitativamente, os froitos acadados neste tempo son sobresaíntes. Basta ver o recoñecemento co que se observa ao audiovisual galego fora das fronteiras do país. Parabéns”.



O acto celebrouse no edificio Marcos Valcarcel.

Dentro da estratexia de cooperación coa AGA, o presidente da Deputación tamén celebrou que a gala da XXI edición dos Mestre Mateo vaia a celebrarse en Ourense, parafraseando o ‘leitmotiv’ desta edición dos Mestre Mateo -“Témolo ben merecido”-. “Sen ningunha dúbida, en Ourense temos ben merecido ser a sede desta gala, logo dunha firme aposta que seguiremos reforzando nos próximos tempos”, sinalou Manuel Baltar, apoiándose na “estratexia de captación de rodaxes, que ven de conformar un 2022 histórico con ata seis producións rodándose de xeito simultáneo en Ourense” con

tres eixos importantes, como son o OUFF, a Fundación Carlos Velo e a Ourense Film Commission: “Fomos quen de dobrar esforzos nun camiño que xa non ten volta atrás. Seguiremos apoiando a un sector clave na economía galega”.

O acto de presentación dos Mestre Mateo comezou co descubrimento dunha escultura cuberta dun gran Mestre Mateo e rematou cunha visita pola exposición “Un retrato ben merecido”, que busca reivindicar o peso específico do sector audiovisual en Galicia a través dos retratos dalgúns dos seus referentes.

“A senda proscrita”, exposición do pintor Alexandro



A exposición está no centro cultural Marcos Valcarcel.

A senda proscrita” é un proxecto composto por 43 acuarelas feitas polo pintor Alexandro, quen se inspira na obra literaria de Alberto Cacharrón para inmortalizar a historia, lendas e tradicións da Costa da Morte e o impacto do Camiño de Santiago nesa zona de Galicia.

Valentín García recoñeceu ao autor da obra literaria que “sempre nos sorprende coas súas aventu-

ras, camiños e escrituras” e salientou que esta exposición, “inaugurada nun templo da cultura como é Ourense, mostra a marca que Galicia ten como país e como cultura”.

Alexandro destacou que nas súas pinturas quixo mostrar “a Galicia escura e triste que era antes, e que se reproducía no Camiño de igual forma”, salientando o excelente traballo de Alberto Cacharrón.

RESTAURANTE LA GULA TAPERÍA

menú de nadal

Rúa Celso Emilio Ferreiro, 15 988 619 371.- 699 959 112
Cachopines . Bollitos preñados

EL CORRAL

Feliz Nadal ós clientes

Chuletón (por encargo). Bacallau. Chuletillas de lechazo.
607 236 581. Praza dos Suaves. Casco Vello. OURENSE

CAFE XESTAL BAR

Bo Nadal e Feliz 2023

Almorzos. Viños.
Avda. Bos Aires, 136 988 24 79 18 Ourense

Bo Nadal e Aninovo

Café Druida

Especialidade en licor café e combinados
Praza Maior, 8 Ourense

A Escola Silvo-Pastoril do Rexo, de Allariz, ampliará a súa extensión

A Deputación traballa na posta en disposición dos terreos da granxa Valverde para a Fundación Ramón González Ferreiro, co obxectivo de ampliar a extensión de pastoreo coa que conta actualmente o proxecto da Escola Silvo-Pastoril do Rexo, xestionado por esta entidade no Concello de Allariz. Manuel Blatar, presidente da Deputación, reuniuse co presidente da Fundación Ramón González Ferreiro, Anxo Quintana, para ultimar os detalles desta nova liña de cooperación. Blatar valorou “unha xuntanza máis que frutífera” arredor de “ampliar o proxecto que está a desenvolver a Fundación no eido da produción de queixo e o agroali-

mentario, complementándoo cos terreos posuídos pola Deputación de Ourense en Requeixo”.

Anxo Quintana agradeceu “á Deputación, e a Manuel Baltar, a disposición para colaborar e traballar conxuntamente no proxecto do Rexo, que ten como propósito o obxectivo que temos todos os ourensáns: intentar, pouco a pouco, revertir a situación de abandono do medio rural e encher de actividade superficies agrarias e gandeiras en desuso”. Quintana sinalou que para “nós, poder contar cos terreos da granxa Valverde, propiedade da Deputación, vai a ser un motivo non so de ledicia senón de responsabilidade para triplicar esforzos e buscar a co-

laboración institucional para que vaia a bo porto. Estou seguro de que entre todos o conseguiremos”.

A Fundación Ramón González Ferreiro

A Fundación ten máis de catro décadas de actividade, enmarcada especialmente no eido educativo e nos retos do mundo rural. Cunha estreita vinculación co Concello de Allariz, organiza cursos de formación para adultos, clases de reforzo para nenos, obradoiros, actividades de voluntariado ou campamentos.

No tocante ao proxecto O Rexo está enmarcado na loita contra o abandono de terras e a reivindicación do rural. A Escola Silvo-Pastoril do Rexo foi concibida no



Manuel Baltar e Anxo Quintana.

ano 2000 dentro dun proxecto de dinamización que partiu da limpeza de fincas e o seu acondicionamento para o establecemento dun rabaño de ovellas de raza ‘latxa’.

Na granxa-queixería realizan prácticas estudantes da Universidade de Vigo, da Universidade de Santiago e centros de FP. Segundo a Fundación, “a experiencia da

Escola Silvopastoril ten axudado na implantación de novos modelos de xestión do territorio e tamén na recuperación de territorios rurais abandonados, algúns exemplos de éxito son “Como Cabras” (elaboradores do Queixo de Cabra Touza Vella), o monte veciñal en man común de Penamá co seu rabaño de raza Limiá ou a explotación de vacas vianesas de Coedo”.

O fotógrafo Manuel Outumuro recibiu o Premio Ourensanía 2022

O fotógrafo Manuel Outumuro recibiu o Premio Ourensanía 2022, segundo recolle a acta do xurado, “por unha traxectoria profesional de primeiro nivel no ámbito nacional e internacional”. Outumuro amosa a súa emoción e deu paso á proxección dunha serie de fotografías da súa autoría -“son un home máis de imaxe que de palabra”- para despois retrotaerse ás orixes: “As fotografías que acabamos de ver teñen glamur, pero eu veño de pisar esterco, merda de vaca. Todo o que vivín ata os dez anos na Merca condicionou a miña forma de mirar. Os meus pais foron ata os dez anos unha fotografía. Crecín con esa ausencia, símbolo da emigración. A cambio contei co amor dos meus avós”.

“A miña infancia na Merca foi a época máis feliz da miña vida. Crecín facendo figuras no barro. Descubrí na fonte á que levaba ás vacas a beber reflexos de diamante. Foi unha infancia chea de emocións, que te fai crecer cos pes na terra. Estamos feitos de dous elementos: barro e luz. Os fotógrafos infundimos luz, pero



Outumuro asinando no libro de honra da Deputación.

a mellor calidade dun fotógrafo é que esa luz non tape a propia do fotografado. É unha cuestión de respecto”.

Manuel Outumuro adicou o Premio Ourensanía “aos meus orixes, os meus pais e aos meus avós, que me ensinaron o significado da palabra ‘respecto’. Aos meus profesores, que me ensinaron os segredos do barro. Aos meus amigos e ao meu compañeiro, que día a día axúdanme a entender os segredos da luz. E a miña amiga Maribel Outeiriño, indispensable na recuperación ao afec-

to a esta terra despois do baleiro da emigración. Grazas a todos”.

O homenaxeado rematou a súa intervención dando paso a unha proxección de tres vídeos arredor de conceptos como a nostalgia, a ausencia, a emigración e o traballo diario. “Porque esto sigue, continuará”, destacou para avanzar a exposición proxectada para o 2023 no Centro Cultural Marcos Valcárcel, e na que as “miñas fotografías dialogarán con imaxes que falan do neno que sigue pisando terra e fascinado pola luz que a envolve”.

Tamara Montero gaña o XXXII Premio Xosé Aurelio Carracedo



Reunión do xurado.

A xornalista Tamara Montero, na modalidade de peza xornalística, é a gañadora do XXXII Premio de Periodismo “Xosé Aurelio Carracedo”, un certame que convoca anualmente a Deputación de Ourense para pór en valor o xornalismo de calidade feito en Galicia.

O xurado ditaminou outorgar por unanimidade o galardón a Tamara Montero polo seu artigo “Casaio, a cartografía invisible da guerra”, publicado o 22 de setembro de 2021 en La Voz de Galicia, “por un exemplo do que debe ser unha reportaxe, misturando o estilo xornalístico co máximo rigor”. A premiada, si-

nala o xurado, “amosa oficio e talento para mesturar voces nun exercicio polifónico que ofrece unha nova mirada sobre as feridas da Guerra Civil, a posguerra e a necesidade de blindar a nosa memoria colectiva, incidindo neste caso no patrimonio industrial do país”.

A entrega do galardón, dotado con 1.500 euros e diploma, terá lugar nas próximas semanas. O certame, que nesta edición chega á súa 32ª convocatoria, foi instaurado para honrar a memoria do xornalista ourensán que lle da nome ao premio, Xosé Aurelio Carracedo, falecido en 1988.

“Vértigo” é a aposta gastronómica da Adega Regina Viarum en Sober

Adegas Regina Viarum péñtrase no mundo da gastronomía da man do chef Lucas Bustos coa apertura de “Vértigo”, un novo restaurante que ofrecerá unha proposta diferencial de maridaxe inspirada na historia e as orixes da Ribeira Sacra.

O espazo gastronómico, foi deseñado aproveitando espazos previamente non abertos ao público polo prestixioso arquitecto Juan Carlos Cabanelas. Cunhas espectaculares vistas, está deseñado con materiais nobres e sostibles seguindo unha liña estética protagonizada pola vide e en harmonía coa contorna.

“Vértigo” foi inaugurado por Horacio Gómez e Iván Gómez, fundador e director das Adegas Regina Viarum, respectivamente; Lucas Bustos, o chef de “Vértice”; José González, conselleiro de Me-

dio Rural e Luís Fernández Guitián, alcalde de Sober.

O chef Lucas Bustos explicou a súa particular interpretación da visión da adega e os seus viños a través dunha carta conformada por catro menús: O druída, o pescador, o cazador e a raíña. Unha carta en sete tempos centrada en ofrecer ao visitante toda unha viaxe sensorial pola gastronomía galega, apto para os padais máis esixentes.

Iván Gómez, director das Adegas Regina Viarum, destacou que “a apertura deste restaurante supón para nós unha gran aposta dentro do noso proxecto de enoturismo, xa que damos o paso para converternos nunha gastrobodega. Estamos moi ilusionados e confiamos en que será todo un éxito xa que imos da man dun dos mellores chefs de restaurantes de adegas do mundo. “Vértigo”

contribuirá ademais a ampliar a oferta gastronómica e de servizos da zona cun concepto totalmente novo e innovador no sector.”

Lucas Bustos: o chef

De orixe argentina, Lucas Bustos é un chef especializado en deseñar restaurantes de adegas, adaptando á perfección a súa cociña en virtude dos viños do lugar. Aos seus 44 anos, lidera xunto a un importante equipo, este formato de restaurantes en Adegas como Trapiche, Casarena e Ruca Malen, coa cal no ano 2014 recibiu o premio de mellor experiencia en restaurante de adega do mundo no “Global Best of Wine Tourism”.

É diplomado en Administración de Proxectos e Xestión financeira por ADEN Business School en Mendoza (Arxentina). Realizou entre os anos 2000 e 2002 un Training en Starwood Hotels, e



Momento da inauguración no miradoiro de Regina Viarum.

no Culinary Institute of America (CIA), en New York, USA. Previamente xa era técnico en Administración Gastronómica con mención en Cociña Internacional polo INACAP C.I.E.S. de Santiago, Chile. Representou a Arxentina en prestixiosos eventos ao redor do mundo e a súa cociña púidose gozar en cidades como Londres, Hong Kong, Washington D.C., New York City, Chicago, Buenos Aires, Madrid, Barcelona, São Paulo e Lima.

Adegas Regina Viarum

Regina Viarum é unha das adegas pioneiras na aposta polo enoturismo

na Ribeira Sacra, ademais da máis visitada de Galicia. Situada en Doade (Sober, Lugo), en pleno corazón da Ribeira Sacra, é un proxecto familiar que desde os seus inicios hai máis de 20 anos, mantense fiel á tradición vinícola da zona, sen por iso renunciar á innovación, o que queda patente tanto no seu proxecto enoturístico, actualmente en desenvolvemento, como nas súas coidadas instalacións, que converten a Adegas Regina Viarum nun dos motores principais do enoturismo tanto na Ribeira Sacra como no noroeste peninsular.

Biblioteca móbil para Os Ancares, A Fonsagrada e Sarria

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades porá en marcha a principios do vindeiro ano un proxecto piloto de biblioteca móbil en dez concellos lucenses das comarcas dos Ancares, A Fonsagrada e Sarria. Trátase de Baleira, Cervantes, Folgoso do Courel, O Incio, Navia de Suarna, Negueira de Muíiz, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, Samos e Triacastela, que ocupan unha extensión aproximada de 1.500 qm2 e suman arredor de 10.000 persoas que serán potenciais usuarias do servizo.

O obxectivo é prestar un servizo bibliotecario de calidade e versátil nestas áreas caracterizadas pola escasa entidade de poboación ou pola dispersión territorial. Unha furgoneta recalará dous días ao mes en cada concello, un deles na capitalidade e o outro en ruta por algunhas parroquias.

A biblioteca móbil parte cunha colección de 500 títulos, que inclúen libros, películas, música, xogos físicos e dixitais, ou publicacións periódicas



Reunión preparatoria do proxecto piloto.

como revistas; pero da acceso ao catálogo doutros centros bibliotecarios de ámbito provincial ou autonómico, que se poden achegar a demanda.

Atenderá os servizos básicos de calquera biblioteca: expedición de carnés de usuario, préstamo e devolución, formación de usuarios no manexo do catálogo en liña e GaliciaLe (a biblioteca de préstamo dixital de Galicia), servizo de referencia bibliográfica, especialmente para buscas en Internet, ou prescrición de contidos e reco-

mendacións de lectura.

Pero ademais, tendo en conta as características da poboación destinataria, atenderá especialmente aos servizos de alfabetización dixital para as persoas usuarias co obxectivo de reducir a fenda dixital. Igualmente, promoverá o acceso á lectura e á cultura a través das adecuadas accións de dinamización lectora, e levaranse a cabo accións de difusión para dar a coñecer o servizo e achegalo ao público destinatario.

Cursos de protección civil en Chantada e Monforte

AXunta de Galicia ofreceu dous cursos para formar a 40 integrantes de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil (AVPC) que se desenvolveron en Chantada e Monforte de Lemos. Estas iniciativas forman parte da programación da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) para o segundo semestre do ano e contan con 20 prazas cada unha.

A actividade de Chantada desenvolveuse na aula CEMIT. Proporcionou ao persoal voluntario formación sobre prevención e loita contra os incendios nos ámbitos urbano e forestal; así como nocións de primeiros auxilios.

No caso de Monforte de Lemos, a base de helicópteros do Marroxo acolleu un curso básico de manexo de motoserras. A finalidade foi preparar aos membros das agrupacións para participar con seguridade en intervencións de retirada de emerxencia de árbores caídas ou pólas desprendidas.

A Agasp convoca estas accións no marco dun plan de formación continua que inclúe entre os destinatarios ao persoal voluntario de Protección Civil. A programación deste semestre na provincia de Lugo inclúe sete cursos con 152 prazas que abranguen diferentes áreas relacionadas co desenvolvemento das funcións propias destas agrupacións.

A precaria situación do regadío no Val de Lemos está en estudo

José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), reuniuse cos regadores do Val de Lemos para explicarlles e coñecer, xunto coa USC, os avances do estudo froito do Convenio de colaboración para a posta en marcha dun plan integral de aproveitamento agronómico do regadío no Val de Lemos (Monforte de Lemos- Lugo), rubricado en maio de 2022.

Os traballos desenvolvidos ofrecerán un diagnóstico integral da zona de regadío do Val de Lemos e unha proposta de accións para o seu desenvolvemento futuro sostible como acción cruce para a sustentabilidade da agricultura e a loita contra o cambio climá-

tico, desde un punto de vista legal, económico, social, produtivo e estrutural da zona.

Ademais, exporá as actuacións para realizar, do mesmo xeito que a súa implementación práctica, o custo asociado e as entidades que deberán de formar parte das solucións; todo iso cun enfoque acorde ás formulacións e restricións ambientais, sociais, territoriais e produtivas futuras.

"Era necesario partir dunha radiografía que reflectise a precaria situación do regadío, está a conseguirse o diagnóstico desde un punto de vista legal, económico, social, produtivo e estrutural da zona para conseguir o desenvolvemento sostible do recurso como paso previo a unha toma de de-

cisións" explicou o presidente.

As actuacións, xa moi avanzadas, estruturáronse en dez fases que se iniciaron coa recompilación, análise da documentación existente e traballos previos, para continuar con traballos de campo, elaboración de planos e fichas, caracterización e elaboración do SIG e as Bases de Datos Espaciais, diagnóstico social da comunidade de regadores, proposta da folla de roteiro para a desafectación de parcelas de rega, proposta de modelos de cultivo, deseño e posta en marcha de plan de difusión con investidores para, como última fase, proceder á elaboración da documentación e os entregables do proxecto.

Este estudo incluírá, ademais, as actuacións necesarias, a súa



O presidente da CHMS cos regadores do Val de Lemos (Lugo).

implementación práctica, o custo asociado e as entidades que deberán de formar parte das solucións. Dentro desta dinámica está a dialogarse cos regadores como un elemento fundamental. Actualmente estase desenvolvendo a fase participativa onde CHMS e USC están a dialogar cos regadores para coñecer de primeira man a opinión, compromiso e aspiracións "En breve será o momento de

convidar a que outras administracións, coñecedoras da problemática, (Xunta e Concellos) a que se somen ao proxecto e conxugar todas as variables co obxectivo de solucionar a problemática de conxunto que vén de moi atrás e que vai necesitar unha nova visión sobre o parcelario que poida propiciar máis operatividade produtiva se se quere avanzar en serio" concluíu Quiroga.

Premios Semente entregados en Monforte

Francisco Conde, vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, destacou na rolda de prensa da VIII edición dos premios Semente Ribeira Sacra a contribución desta iniciativa ao desenvolvemento económico e social de Monforte de Lemos e de toda a contorna. Conde agradeceu o traballo da asociación Semente Monforte, e subliñou que apoiar o emprendemento é tamén investir en benestar, contribuíndo á creación de emprego de calidade e á fixación de poboación no rural.

Sinalou que os emprendedores galegos contan con diferentes apoios no eido do financiamento e do asesoramento e lembrou iniciativas como o coworking da Ribeira Sacra. Este ten permitido nas súas seis primeiras edicións apoiar máis de 100 proxectos, contribuíndo á creación de preto de 40 empresas e de máis de 70 postos de traballo.

Para reforzar un ecosistema



Os premios foron entregados nunha cea celebrada no Parador de Turismo de Monforte.

que conxugue iniciativa empresarial e innovación configurándose, así, como un motor de reforzo da modernización e diversificación da economía de Galicia, a Xunta de Galicia ten en marcha a nova Axenda Startups. Con esta folla de ruta, á que se destinan 15 millóns de euros, búscase contribuír á creación de 100 novas empresas e a acelerar 200 nos próximos dous anos, prevéndose a xeración de 600 postos de traballo vence-

llados ás novas compañías.

O xurado elixiu como gañadora da oitava edición do certame de ideas empresariais á proposta de "Lácteos Ribeira Sacra". En segundo lugar quedou o proxecto "Maruxiña" e en terceiro posto "Beniu Solucións". Os promotores recibirán 8.000, 5.000 e 3.000 euros, respectivamente, ademais de contar co apoio da asociación e os seus patrocinadores para levarlos á práctica.

Chantada terá unha nova biblioteca pública

O Consello da Xunta aprobou a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Chantada con que impulsará con 300.000 euros a construción dunha nova biblioteca que mellorará os servizos da actual. A actuación conta cun investimento global de máis de 589.461 euros, dos que o Goberno autonómico achegará a metade.

Ao abeiro desta colaboración, restaurarase un edificio situado no núcleo urbano onde se trasladarán os servizos da actual, que co paso dos anos se amosou insuficiente para albergar o volume de libros e mellorará tamén as súas condicións de accesibilidade.

Con esta medida, a Xunta continúa a reforzar o sistema bibliotecario galego con distintas medidas que, ademais da

mellora das infraestruturas culturais dos concellos, inclúen o crecemento e actualización das coleccións e dotación de recursos electrónicos, a dinamización da lectura ou a formación, cun orzamento global que supera os dous millóns de euros.

Ademais, estase a traballar na posta en marcha das Bibliotecas Móviles, unha iniciativa que permitirá estender estes servizos a toda a cidadanía galega e que avanza para implantala de xeito piloto en 20 concellos rurais das provincias de Lugo e Ourense.

Actualmente a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia está composta por un total de 295 servizos bibliotecarios con máis de 6,6 millóns de exemplares, 17.000 postos de lectura e máis de 4.100 informatizados distribuídos por todo o territorio.

Ribeira Sacra recibiu 14 medallas nos premios Aosta

A denominación de orixe Ribeira Sacra celebra o seu tradicional comida de Nadal, unha cita de confraternidade na que se reúnen adegueiros, persoal laboral e representantes da Administración. Neste encontro fíxose entrega dos premios do Concurso Internacional “Mondial deas Vins Extrêmes” que se celebrou en setembro no Valle d’Aosta (Italia). A cita desta edición tivo lugar no Parador de Turismo de Monforte de Lemos.

A esta 30ª edición do Mondial deas Vins Extrêmes, o único concurso enolóxico internacional dedicado expresamente aos viños producidos por viticultura heroica, presentáronse 831 os viños de 301 adegas provenientes de 24 países de todo mundo.

Ribeira Sacra presentaba 61 mostras de 32 adegas e obtivo 14 medallas, 8 de ouro e 6 de prata. O presidente do consello regulador, José Manuel Rodríguez, mostraba antes da entrega de premios aos seus destinatarios por parte das autoridades presentes, a súa satisfacción por poder recuperar esta celebración, “O viño volve unir a toda a xente que fixo posible que Ribeira

Sacra sexa unha realidade, porque Ribeira Sacra é traballo de todos desde distintas perspectivas; cada persoa achegou a súa visión e traballo no que quería para conseguir chegar onde agora estamos. O que empezou sendo unha ilusión converteuse nunha maneira de vivir. Nos últimos anos, a pesar das circunstancias sociais abrimos novos mercados e ampliamos exportacións. Un día como hoxe quero lembrar a todas as persoas que xa non están connosco.”

José Manuel Rodríguez, que exerce como presidente desde a súa constitución, deixaba a porta aberta a unha nova etapa ante as eleccións que se celebrarán o próximo ano, “Vivimos un presente estable e espéranos un futuro prometedor. A denominación comeza un proceso electoral que viviremos como a elaboración do viño, agora se crían cubas e pronto se gozará dunha gran colleita.”

Premiados Aosta 2022

Medallas de Ouro. Ibio 2019 de Don Bernardino (Sober). Don Cosme 2020 de EDV SLU (Quiroga). Leira Cuarta Ladeira 2021 de Rubén Moure Fernández (Sober).



Representantes de Adegas Vella, medalla de prata.

Leira Cuarta A Costa 2019 de Rubén Moure Fernández (Sober). Ciudadseis 2021 de María Gloria Alvarín Losada (Monforte de Lemos). CastroFiz Tradición 2020 de José Luis Fernández Pedreira (Chantada). Instinto Romano 2021 de Miguel Pavón Reinoso (Taboada). Bancales Esquecidos 2019 de Adegas Ponche dá Boga S.L. (Castro Caldeas). Medallas de Prata. Reitoral de Amandi 2021 de Adegas Reitoral de Amandi SAU (Sober). Condado de Sequeiras 2021

de Grupo Peago (Chantada). Rosa do Frade 2021 de Adegas Vella Xeracións (A Teixeira). Prémie Singular 2021 de Adegas Petrón (Sober). Leira Cuarta Mencía 2021 de Rubén Moure Fernández (Sober). Inseparables 2021 de EDV SLU (Quiroga). Beatriz Soto González nova embaixadora de Cervim Viticultura Heroica.

O Mondial deas Vins Extrêmes é o concurso enolóxico máis importante, reservado aos viños producidos en rexións de montaña ou procedentes de cultivos extremos: altitude superior a 500 metros, pendente do terreo superior ao 30% (en zonas da D.O. Ribeira Sacra chégase ao 80%) ou sistemas vitícolas de cultivo en terrazas).

Este ano despois da entrega de premios que levou a cabo en Italia, nomeouse a Beatriz Soto González, directora técnica do consello regulador da D.O. Ribeira Sacra, como nova embaixadora de Cervim Viticultura Heroica, tamén recibiu o seu recoñecemento. “Beatriz Soto leva sendo durante anos catadora do Concurso e vive e traballa nunha das zonas máis heroicas do mundo, coñece moi ben as dificultades e características desta viticultura tan particular”, aseguran desde o CERVIM.

A presenza real dos medios de nacións sen Estado

Por Moncho Mariño

Os medios en linguas minoritarias dentro do Estado ocuparon un debate celebrado en Santiago o pasado 5 de novembro. No encontro coñecéronse diferentes realidades arredor das propostas mediáticas en catalán, éuscaro e galego. Promovido polo grupo Sermos Galiza, propietario de Nós Diario, o acto forma parte das actividades arredor do décimo aniversario da editora.

O décimo aniversario de Sermos Galiza foi motivo para reunir en Compostela a tres directores de tres medios procedentes de canda seu país sen estado. Berria de Euskal Herria e representado polo seu director Martxelo Otamendi, Nós Diario, coa presenza da directora, María Obelleiro e VilaWeb, co seu director Vicent

Partal, experiencias entre os medios convocados, e mostrar cal é o comportamento desde as autoridades políticas e administrativas cara a medios en linguas minorizadas.

Vicent Partal abriu as intervencións e contando como o portal VilaWeb.cat, un xornal electrónico nacido en 1995. Esta iniciativa permitiulles ser “máis libres” no momento de informar e crear contidos. Partal mostrou, de maneira irónica, o seu temor a que o algoritmo converta en “máis difícil chegar ao público”. Engadiu ademais que os “medios de partido”, os grandes grupos mediáticos, “non permiten crear xornalismo honrado e honesto”. A frase que resume as diferenzas entre medios como VilaWeb.cat e os grandes medios é que “vimos de historias moi distintas”.

Martxelo Otamendi fixo referencia ás axudas públicas que outorga a Xunta aos medios e comparounas

coas axudas dos gobernos vasco e navarro aos medios en éuscaro. “Nese sentido tivemos mellor relación con Patxi López que cos anteriores gobernos do PNV, hoxe en día si hai mellor relación co PNV”. Por outra parte sinalou que desde os organismos europeos, que apuntaron a Galicia pola falta de apoio á súa lingua, tamén o fixeron con Navarra, dado o escaso fomento da lingua éuscaro no seu territorio.

Otamendi lembrou ademais que “os medios estamos para informar, non para crear contos como por exemplo as Olimpíadas, hai que ir ás Olimpíadas para contar o que pasa”. “O medio debe ser proactivo e buscar as persoas lectoras”. Un dos pasos de Berria para un achegamento á sociedade, sobre todo a parte euskaldún, foi fortalecer as cabeceiras comarcais. “O que pasa dentro da comunidade é importante e a xente quere sabelo”.



Vicent Partal, sobre a cuestión da lingua, sinalou as dificultades que experimentou o catalán tanto nas Illes Balears como no País Valencià durante os gobernos do PP. Sobre as subvencións, “VilaWeb.com está á parte en relación ao tema subvencións”. Aínda que si solicitaron, a intención é a de servir á comunidade “e os lectores entenden que tes outra maneira de facer as cousas”. Isto inclúe un diálogo directo cos lectores para compartir ideas e experiencias.

Pola súa parte, Xoán Costa, director xeral de Sermos Galiza S.A., fixo referencia tamén á proactividade do medio na procura de público lector. “Queremos chegar a

un número moi amplo cunha liña sen complexos” indicou Costa que ademais engadiu que a falta de complexos é necesaria cando “vemos que a lingua galega retrocede”. “Buscamos crear dunha comunidade para termos espazo e para iso hai dez anos naceu Sermos Galiza, naceu do cara a cara e do contraste nas informacións”.

María Obelleiro, directora de Nós Diario, avalía o feedback entre o diario e o público lector como bo. Non obstante, sinalou que polo de agora unha información máis local ou comarcal para Nós Diario é difícil de facer, algo que non quita de pensar no futuro con delegacións nas comarcas.

Xornada nos Escolapios sobre o Día do Patrimonio

O alcalde de Monforte, José Tomé Roca, e a concelleira de Cultura, Marina Doutón, inauguraron a xornada “O Colexio de Nosa Señora da Antiga. Un exemplo de educación patrimonial” que se celebra neste centro educativo monfortino, con motivo do Día do Patrimonio 2022.

Ao acto asistiron a presidenta do Consello da Cultura Galega, Rosario Álvarez Blanco; a directora xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, M^a del Carmen Martínez Ínsua; o xerente da Fundación Colexio de Nosa Señora da Antiga, Francisco Javier Agudo e a directora de Caixal Proxectos Culturais e coordinadora desta actividade, María del Mar Bóveda López.

O alcalde puxo en valor a riqueza patrimonial non so de Monforte, senón tamén da Ribeira Sacra, sendo o “Colexio de Nosa Señora da Antiga de Monforte unha xoia do noso patrimonio”, declarada BIC o 12 de marzo de 2021. Neste senso, o alcalde alu-



Inauguración da xornada.

diu á importancia histórica e actual deste centro educativo, “o centro de estudos máis antigo de Galicia, xunto coa Universidade de Santiago de Compostela.”

A xornada organizada polo Consello da Cultura Galega co apoio do Concello de Monforte, precisamente xira arredor de diferentes aspectos técnicos relacionados con este centro, dada a súa importancia histórica, artística e cultural. “O noso Escorial Galego”, subliñou José Tomé, “é un claro expoñente do noso gran patrimonio artístico e forma parte tamén

do noso patrimonio emocional”.

E destacou o alcalde o papel fundamental que na educación dos monfortinos e monfortinas ten este centro, xeración tras xeración: “é parte esencial da nosa identidade e orgullo como monfortinos, do noso ser, porque é protagonista dos nosos recordos, da nosa vida diaria, e porque está cheo de vitalidade, pois segue sendo o berce no que se forma dende hai moitísimas xeracións unha parte do tesouro máis prezado que temos como sociedade: os nosos nenos e nenas”.

A Xunta rehabilitará dous edificios no Tinería

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda vén de adjudicar o contrato de redacción do proxecto e dirección de obra para rehabilitar os inmobles situados nos números 18 e 22 da rúa Catedral, no barrio lucense da Tinería, actuación á que destina un investimento de 28.500 euros.

Unha vez aprobado o deseño, procederase a licitar as obras, para as que se estima unha duración aproximada dun ano. Os edificios pasarán a formar parte do parque de vivendas de promoción pública que xestiona na cidade o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), organismo que investiu 84.117 euros na compra destas dúas casas.

Os edificios da rúa Catedral foron adquiridos pola Consellería na oferta de compra lanzada



As casas están en moi mal estado de conservación.

ao abeiro do programa Rexurbe, mediante o que pasaron a mans públicas inmobles que estaban abandonados ou en estado de semiabandono en cascos históricos de diversas vilas e cidades galegas. Tal é o caso destas antigas vivendas, xa que nunha delas apenas queda en pé a primeira planta e a outra só conta coa estrutura exterior, tamén moi deteriorada.

BAR ORELLAS

Feliz Natal

Orella, rabo, anchovas.
Lacón e cachucha cocidos e prensados.
Paletilla, lomo, chourizo, salchichón e marcón ibéricos.
Queixos: Arzúa, manchego e fresco.

Santo Domingo, 2 OURENSE. 988 37 25 59

CAFÉ BAR LOBERA

Venres e sábados
cocido (tamén para levar)

Domingo callos

Rúa Velázquez, 1.
Tfno 638 30 88 34
O COUTO (Ourense)

CAFÉ BAR O' PIORNO

Almorzos. Tapas.
Menú do día.

Avda. de Portugal, 130
Tfno. 988 244 154
OURENSE

Meson do Manolo

Menús diarios. Cenas de empresa Nadal e Fin de Ano.
Rúa Greco, 21. Tfno 988 22 14 58 O Couto - Ourense.

Viño de Amandi e rosca de Sober, promocionados en Xantar

O Concello de Sober tivo o seu protagonismo no XXIII Salón internacional de Turismo Gastronómico (Xantar) en Expourense. Unha das novidades desta edición foi o Espazo das Festas Gastronómicas de Galicia no que se ofreceron continuas degustacións dos produtos de calidade que dan orixe ás mesmas e que son máis de trescentas en Galicia. Na primeira xornada do salón celebráronse as promocións das festas-feiras do Viño de Amandi e da Rosca de Sober con degustación de queixos galegos organizado polo Concello de Sober. A degustación repetiuse tres días despois.

O día 9 de novembro Xantar dedicou a xornada ao Concello de Sober e o seu alcalde, Luís Fernández Guitián, recibiu do



Rogelio Martínez entrega a distinción a Luís Fernández Guitián.

director xerente de Expourense, Rogelio Martínez, a distinción.

O Concello de Sober tamén mantivo aberto a caseta para a difusión turística do municipio, como vén facendo nas edicións anteriores.

Pola súa banda, o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, que preside o alcalde de Sober, tamén promocionou os concellos que o integran na caseta que rexentou Sandra Seara, xerente do organismo interprovincial.

Premios empresariais "Son muller"



Presentación dos premios.

A Asociación de Mulleres Empresarias de Lugo (AELU) convocou os premios Son muller, que presentou a presidenta da entidade, Beatriz Varela, nun acto no que tamén participou o delegado territorial, Javier Arias, entre outros.

Arias gabou o traballo que realiza a entidade e, singularmente, esta iniciativa que da visibilidade e impulso ás emprendedoras e empresarias da provincia. Neste sentido, lembrou que o Goberno galego tamén

aborda con perspectiva de xénero as políticas de fomento do emprego, tanto nas ordes xerais de subvencións -nas que se prima ás mulleres e a determinados colectivos- como con liñas específicas como o Emega.

Na última edición do Emega, que vén de publicar a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, apoiáronse na provincia de Lugo 57 iniciativas empresariais constituídas por mulleres, con axudas que suman 709.000 euros e chegan a 28 concellos lucenses.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

F
F
e
s
t
i
c
a
s

OIL PINTUCO

Recogida de Aceites y grasas vegetales,
Limpieza de Campanas,
Extractores, Salida de Humos
y Decantadores de grasa.

680 956 669
655 392 375

OURENSE Correo: oilpintuco@gmail.com






Barallete

Selección de tapas variadas

Rúa Lepanto, 23 Casco Vello. Tfno. 648 016 392. Ourense

Nós, a Xente do Redor Nº8 XA Á VENTA

Subscríbete en:

Orixe Publicidade, R/Francisco de Moure 20, Ourense

Tlf. 988 60 70 75 - 672 435 891



Lámina do pintor "Miguel Coello" de agasallo

